

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**Acta da sesión ordinaria  
celebrada pola Excma. Corporación Provincial  
o 12 de setembro de 2003**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 12 de setembro de 2003, ás DOCE HORAS.

### **ASUNTOS**

1.-Ratificación da convocatoria do Pleno ordinario.

#### **Central-Actas**

2.-Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 9.600 á núm. 13.886, de 2003.

3.-Toma de coñecemento da atribución de réxime de dedicación exclusiva a favor de Margarida Vázquez Veras, en substitución de Pilar Candocia Pita.

#### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

4.-Conta xeral do orzamento correspondente ao exercicio 2002.

5.-Adhesión ao convenio de colaboración entre a AEAT e a FEMP en materia de intercambio de información e colaboración na xestión de recadación coas entidades locais.

#### **Plans Especiais, Contratación e Equipamento**

6.-Modificación dos contratos conexos ás obras que se especifican incluídas na 1ª e 2ª fase da primeira programación plurianual do convenio Xunta-Deputación para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais 2002-2006.

7.-Aprobación do proxecto de remate da obra “Campo de fútbol Tarreo grande módulos 1-4b-5 Pl.” do Concello de Oza dos Ríos, incluído na segunda fase da anualidade 1999 do Plan 2000 deportes. Código 99.3420.0114.0.

#### **Cooperación e Asistencia a Municipios**

8.-Aprobación do Programa operativo local adicional 2/2003 .

9.-Aprobación do proxecto reformado do de remate da obra "Casa da cultura Caamaño 2-3 fase" do Concello de Porto do Son, incluída no Programa operativo local 2001. Código 01.2300.0049.2

10.-Aprobación do proxecto reformado da obra "EDAR e rede de saneamento en Ledesma" do Concello de Boqueixón, incluída no Programa operativo local anualidade 2002. Código 02.2300.0070.0

11.-Aprobación do proxecto reformado da obra plurianual "Dotación de abastecemento de auga no Pino (Sector I) Pl." do Concello do Pino, incluída no Programa operativo local adicional 1/2002 e POL 2003 .Código 02.2301.0089.0

12.-Aprobación do proxecto reformado da obra "Área cuberta para usos múltiples en Santabaia" do Concello de Boqueixón, incluída no POS 2003. Código 03.2100.0064.0

13.-Aprobación dos proxectos reformados das obras do Concello de Malpica "Pavimentación de pistas das Rabuceiras e outras", código 03.2100.0177.0 e "Acondicionamento acceso cemiterio", código 03.2100.0178.0, incluídas no POS 2003.

14.-Dar conta da aprobación mediante Resolución da Presidencia de proxectos reformados de obras incluídas en plans provinciais, de acordo co procedemento aprobado mediante acordo plenario do 28 de decembro de 2001, durante o período que vai desde o 20 de xuño de 2003 ata o 5 de setembro de 2003.

-Aprobación do proxecto reformado da obra "Centro de usos múltiples 2ª fase" do Concello de Oroso, incluída no POS 2001. Código 01.2100.0271.0

-Aprobación do proxecto reformado da obra "Saneamento Combarro, Penedo e San Roque" do Concello de Ares, incluída no Programa operativo local 2003. Código 03.2300.0092.0

-Aprobación do proxecto reformado da obra "Saneamento zona urbana contorno Lagoa Frouxeira 2ª Fase" do Concello de Valdoviño, incluída no Programa operativo local 2003 Código 03.2300.0108.0

-Aprobación do proxecto reformado da obra "Abastecemento de auga a Frades 1ªF" do Concello de Frades, incluída no Programa operativo local 2003. Código 03.2300.0097.0

### **Medio Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social**

15.-Convalidación da contratación das obras "Acondicionamento do aparcadoiro e das beirarrúas nos arredores da praia de Miño" de "Varandas e sendeiro" e de "Marquesiñas", Plan de turismo de natureza.

16.-Substitución da obra “Instalación de parques infantís no parque do Coto”, Negreira, pola denominada “Sinalización turística do concello”. Plan de turismo da natureza.

17.-Ratificación dos cambios do convenio relativo ao Plan de dinamización da Costa da Morte.

18.-Aprobación das actuacións da anualidade 2003 do Plan de dinamización da Costa da Morte.

### **Persoal, Réxime Interior e Informática Provincial**

19.-Incremento da dotación presupostaria destinada ao aboamento do complemento de produtividade adicional aos funcionarios.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 12 DE SETEMBRO DE 2003.

No Salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 12 de setembro de 2003, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión ordinaria.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR:

DON JOSE LUIS TORRES COLOMER

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON CARLOS GONZÁLEZ GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPIÑEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP

DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Escúsase o Sr. García Liñares.

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario procede a ler os asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

## **1.-RATIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO.**

### INTERVENCIONES

#### Sr. presidente

En primeiro lugar a ratificación da inclusión do asunto que é que este pleno sexa ordinario, é o pleno que substitúe ao pleno de agosto, ou sexa, ratificación da inclusión do asunto, e tamén aprobación da proposta. Polo tanto se lles parece aprobamos os dous puntos por unanimidade, se o consideran oportuno.

#### Sr. Rodríguez Doval

Este debería ser o pleno ordinario do mes de agosto, agora ben, este non é o pleno ordinario do mes de agosto; este é un pleno que, en certa maneira, recolle cousas ordinarias que se tiñan que ter debatido no pleno do mes de agosto, pero recolle tamén outras cousas.

Nosoutros imos facer unha única intervención, precisamente en liña coa valoración que facemos do propio contido do pleno que se presenta. Saiba vostede, e saiban os

compañeiros e compañeiras que a posición do BNG era, naturalmente, igual que foi sempre, de ser receptivos a unha medida que sempre se fixo así, que era non facer o pleno do mes de agosto e incluír os debates nun pleno que se celebraba en setembro, cando esta corporación estaba, digamos, funcionando en normalidade, pero é certo que estamos nunha situación de excepcionalidade e este pleno trae unha orde do día, non é un pleno aséptico, trae unha orde do día.. Se nosoutros non falamos no punto de ratificación da convocatoria do pleno ordinario, seguramente teremos que quedar calados e asumir que todo o que vén aquí neste pleno é de carácter ordinario, cousa que, efectivamente, non é así.

Nesa intervención única nosoutros queremos facer unha reflexión que ten moito que ver con algo que se comentaba no pleno último que celebraba esta corporación, no pleno oficial e onde, en certa maneira, é unha especie de compromiso de tipo político, de que se ían manter as formas, que se ían manter os contactos para procurar que esta etapa excepcional que está vivindo a Deputación da Coruña se mantivera co máximo rigor, co máximo de contacto e co máximo de consenso, para que ninguén aproveitase esa situación de excepcionalidade. Este pleno, como digo, é ordinario desde o punto de vista literal, pero non desde o punto de vista práctico.

Eu quero recoñecer aquí que, tanto por parte do presidente como por parte dalgún membro do equipo de goberno, falouse cos grupos, polo menos co noso, para expresarnos algunhas cousas, para comentarnos algunhas cousas das que viñan incluídas no pleno, e que correspondían, ou corresponden, efectivamente, ao que nosoutros entendemos por xestión ordinaria. Esa xestión ordinaria sería a que, baixo o noso punto de vista, debería terse incluído no pleno de hoxe, e o que non é xestión ordinaria, o que nosoutros entendemos que non é xestión ordinaria, hai dúas formas de resolvelo: deixalo para a nova corporación ou aplicarlle o compromiso político que tiñamos, que era que hai tres grupos políticos neste momento na corporación, e que hai unha cousa que se chama reunións, e que se chama consenso, e que se chama posta en común, se é que as necesidades así o demandan, que isto tamén habería que discutilo. Pero vostede, eu creo que vén aquí a este pleno como se non pasara, aplicando un criterio de que “o que estamos é aínda gobernando, porque estamos dentro dunha lexislatura normal”, cando estamos fóra dela, e incluíndo temas que, o noso xuízo, demandaban a aplicación desa cláusula de excepcionalidade, que nosoutros chamariámoslle así.

Nosoutros non podemos aceptar, e vou xa ao concreto para expresar a nosa discrepancia con algúns dos puntos que aquí veñen, que sen mediar contacto, que sen mediar información, que sen mediar debate respecto dos antecedentes que só coñece o grupo de goberno, porque naturalmente ata agora está gobernando, pero xa está gobernando en funcións, sen mediar este tipo de contacto, vostedes inclúan temas aquí como, por exemplo, o punto número 15, que é a convalidación dunha actuación do Concello de Miño, que máis nada e nada menos que tiña unhas obras contratadas antes de que se aprobaran esas obras

por parte do Plan da deputación, iso non é xestión ordinaria; os puntos 17 e 18, ó noso xuízo, importantísimos, entre outras cousas, porque os vai xestionar a nova corporación, estase falando de temas importantísimos, entre outras cousas, porque os vai xestionar a nova corporación, estase falando de temas importantísimos, como son as bases que regulan ese convenio que se fixo para unha actuación na Costa da Morte, e o propio contido da anualidade do 2003, que vai xestionar a nova corporación. Pois ben, no punto 17, inclúen vostedes unha modificación -que, por certo, tamén hai que dicilo, vai na liña das demandas que fixo o BNG no seu momento, porque criticáramos que o convenio era un convenio que tiña moitas limitacións, ou moitas lagoas, agora en certa maneira dásenos a razón-, pero éste é un tema de futuro, que canto menos habería que falalo, e non traelo a unha comisión como se fora de carácter ordinario. E non digo nada xa das actuacións que se propoñen para o ano 2003, que a maioría delas mesmo é previsíbel que se realicen para o ano 2004, un plan que, como dixen, vai desenvolver a corporación entrante, faise ao noso xuízo, sen un contacto a fondo -xa sei que se fixo relativo-, cos concellos, coas entidades, mirando mesmo as experiencias neste senso que puideran estar en marcha, non, aquí gobiñase como se non pasara absolutamente de nada.

Polo tanto, evidentemente, nosoutros pensamos que nalgúns destes puntos non se está facendo unha actuación, contemplando unha actuación ordinaria, senón que estamos ante unha actuación extraordinaria.

E quero facer mención tamén ao punto número 19, que é máis nada e nada menos que un tema que afecta a un debate que aquí foi obxecto de discusión durante moitísimo tempo, a unha discusión que non está resolta cando esta corporación ten xa o seu mandato finalizado, e que se soluciona agora pola vía de convalidación dunha serie de actuacións que máis nada e nada menos que son o aumento, case case a duplicación do que constaba en orzamentos para a produtividade adicional, trátase dunha partida de 554.809 euros, case case duplicar a partida que existía, quere dicir que vostedes, o grupo saínte que xa está en funcións, desde que foron as eleccións, gastou a metade do ano, o que había en orzamento para gastar durante todo o ano. Iso non é tampouco unha situación, evidentemente, de carácter normal, ou de funcionamento normal.

E ademais chamo a atención sobre un dos parágrafos que figuran no informe de Intervención, onde se fai constar que “os compromisos adquiridos por resolucións da Presidencia non poden ir máis ala da fin do mandato corporativo”. Supoño que entenden o que significa este parágrafo.

Polo tanto, Sr. presidente, e termino xa, nosoutros non imos nin a votar afirmativamente este primeiro punto nin o resto dos puntos, imos manter unha posición de abstención, que se entenda como una chamada de atención, e ademais en previsión de que teñamos que seguir en funcións aínda algún tempo máis, para que realmente o grupo de



gobierno faga súa na práctica a valoración que se fixo sobre o que había que facer no último pleno, é dicir, que se teña, non a delicadeza, senón eu creo que a formalidade política, por necesidade do que teñen que ser os mínimos nun funcionamento democrático, daqueles temas que non sexan de xestión ordinaria, comentalos ou deixalos para que os resolva a vindeira corporación, e avanzo que a nosa posición vai ser en todos os puntos da orde do día unha posición de abstención. Moitas gracias.

Sr. Fernández Moreda

Gracias, Sr. Torres. Nosoutros compartimos ao cen por cento a intervención do Sr. Rodríguez Doval. Convócasenos a un pleno ordinario cando non estamos vivindo unha situación ordinaria, non estamos nunha situación de normalidade, estamos nunha situación anómala e excepcional. Non estamos nunha situación de normalidade porque houbo unhas eleccións o 25 de maio e non pode seguir funcionando todo como se non houbo esas eleccións, e se non tivesemos a obriga de respectar a vontade popular expresada libremente nos urnas. É unha situación extraordinaria, anómala ou excepcional, non require un comportamento excepcional, non pedimos das persoas que están ao fronte da deputación neste período extraordinario, que teñan un comportamento excepcional, queremos e pedimos que teñan un comportamento de normalidade, e un comportamento de normalidade, unha vez celebradas as eleccións o 25 de maio, e unha vez constatada que hai unha nova maioría na Deputación provincial, esixe que se teña en conta esa votación e que se teña un trato de normalidade baseado no respecto á democracia, con talante de apertura e de diálogo á nova maioría.

Eu non vou entrar en se os puntos que se traen nesta orde do día son de administración ordinaria, ou non son de administración ordinaria, porque pode haber opinións para todos os gustos. A administración ordinaria é un concepto xuridicamente indeterminado, e segundo quen faga a interpretación caben unha cousas e outras cousas non caben. Non é un tema de discutir xuridicamente se isto está ben ou está mal, é un tema de discutir se democraticamente a actitude que se está tendo é a normal nunha situación como esta, ou non é a normal. E nosoutros entendemos que a xestión ordinaria é un concepto que está indeterminado na lei, pero que está acoutado na lei. A administración ordinaria é un período que vai desde que se convocan, desde que se celebran as eleccións, ata que se constitúe o novo concello, así o define a lei, que é o vixésimo día despois das eleccións ou o cuadrexésimo despois das eleccións, se houbo recursos. A lei non prevé un período de administración ordinaria de seis meses, como pode ser que ocorra nesta deputación, polo tanto, esixe dos actuais rectores en funcións da deputación que teñan un tratamento normal, pero excepcional con respecto ao que se podía ter antes das eleccións, cos grupos que forman a oposición e que van formar o novo goberno. Polo tanto, botamos en cara, ou poñemos publicamente, que nos gustaría outra actitude, outro talante, xa non falo de cortesía, falo de respecto ás normas democráticas, a lexitimación do exercicio do poder político nunha

sociedade democrática vén dada polas urnas, e as urnas xa faláron, e o feito de que se teñan que repetir unhas eleccións nunha mesa, nun concello, e o intentar vencellar esas eleccións á constitución da deputación, non vai implicar ningún cambio nos resultados do 25 de maio. Polo tanto, sábese que máis tarde o temperán, este equipo de goberno vaíse e virá outro, e é unha obriga democrática, nese período, que se pode alongar máis ou menos, falar con esas persoas que van acceder ao goberno da Deputación provincial, exporlle os problemas, dicirlle se hai que convocar un pleno, que temas se van a levar, discutilos, falalos, negociarlos e buscar o consenso e a vontade afirmativa das persoas que van ter que xestionar esas cuestións que agora se nos presentan aquí.

Porque é curioso, é curioso, e facía referencia ao Sr. Rodríguez Doval ao punto 17 e 18, imos aprobar as actuacións da anualidade do ano 2003 do Plan de dinamización da Costa da Morte, pero xa se está contratando, está no Boletín Oficial da Provincia e no Dog, a contratación dunha asistencia técnica, e fíxanse unhas actuacións que se van realizar. Estas actuacións que se van realizar non as van levar vostedes, vannas levar outros, e a democracia, o respecto á democracia, un talante democrático, a cortesía democrática, esixe que se fale cos que van implementar e levar a cabo esas decisións, porque poden estar de acordo con esas cousas ou poden non estar de acordo. Que custa ter un talante, chamar á xente e dicir, “¿isto é urxente?, si, é urxente e hai que facelo”, tería que estar feito xa, a anualidade do ano 2003 tería que estar xa gastada, porque este é un tema que se debateu nun pleno extraordinario con motivo da catástrofe do Prestige, e é un tema que se incluíu nos orzamentos do ano 2003, estamos a 12 de setembro do ano 2003. Polo tanto, estase facendo con retraso e con demora, e a demora é moito máis agravada cando se sabe que aquí o 8 de maio autorizamos a asinar un convenio, convenio que se asina o 9 de xuño, ao que se lle introducen modificacións, e hoxe, desde o 9 de xuño, tráesenos a aprobar aquí. Polo tanto, non entendemos a xustificación da urxencia de aprobar un plan concreto, cunhas medidas concretas, que habería que falar, polo menos falar coas persoas que van desenvolverlas, cando desde xuño se puido ter ratificado este convenio, e cando desde xuño se puido ter aprobado o Plan de dinamización da Costa da Morte.

Polo tanto, nosoutros pedímoslle publicamente que cambien a actitude e que cambien o talante, que esta non é unha situación normal, e unha situación anormal como esta esixe un cambio de actitude por parte dos que desempeñan o poder de forma transitoria e que saben que o van deixar. Esa actuación é unha actuación normal baseada no respecto á vontade popular. Polo tanto, en coincidencia co Bloque Nacionalista Galego, nosoutros imos absternos en todos os puntos; non sabemos canto tempo se vai demorar no tempo esta situación, é posible que a deputación se constituía no prazo de dez días, e é posible que a deputación se constituía na derradeira quincena de novembro, é posible que a deputación se constituía a primeira quincena de decembro, e é posible que a deputación se constituía, Deus sabe cando.

Polo tanto, pedímoslles que entre tanto dure esta situación de *inter regno*, esta situación de interinidade, e repetímosllo no pleno anterior, non queremos que se paralice a deputación, non queremos que se castigue ou que se atrasen as cuestións que afecten despois negativamente aos concellos, queremos que isto siga funcionando e que se dea unha aparencia de normalidade, pero queremos que o que se faga, se discuta, se negocie, se informe e se acorde coas persoas que van ter a responsabilidade de gobernar a deputación os vindeiros catro anos de vixencia nesta deputación, e queremos opinar, non queremos vir aquí e que se nos diga aquí está isto, votade si, votade non, votade abstención, iso non é unha actitude nin respectábel nin democrática. E sei que se está intentando facer noutras circunstancias, e sei que se están presentando proxectos para aprobar de forma rápida e urxente cando non hai nada que esixa esa rapidez, nin esa urxencia. E sei que se fixeron tamén, aprobáronse outros pregos de condicións que non sei se publicaron, ou non se publicaron, eu pídolles que a partir de agora, asumamos que estamos en funcións, que é un período excepcional, e teñan o comportamento que ese período excepcional esixe coas persoas que van gobernar, e non estamos pedindo nada novo, é o que se chama a transición ou a transmisión de poderes, que nun período que fixa a lei de 20 días ou 40 días, non cómpre porque non pasa absolutamente, pero se este período se vai alongar seis meses, temos o dereito e a obriga de solicitar unha actitude diferente do equipo de goberno coas persoas que van gobernar esta deputación, e se non o fan, eu non vou dicir que a historia xulgaraos, pero desde logo están cambiando a imaxe que durante catro anos deron desta deputación. Máis nada e moitas gracias.

#### Sr. Varela Rey

A nosoutros estrañaríanos e sorprenderíanos mesmo a apelación por parte dos grupos, sobre todo a unha palabra, o que é a actitude tan democrática. O actual presidente está gobernando porque foi elixido no seu momento e, entre tanto non se constitúe outra corporación, segue sendo presidente da corporación, segue sendo e debe actuar coa responsabilidade que require esta institución. Temos perfectamente claro que hai un proceso electoral en maio, que hai uns resultados que dan a maioría de deputados ao Partido Popular, pero que si se suman os do PSOE e os do Bloque tamén terían máis deputados e que poderían conformar a Presidencia desta deputación, pero ese en todo caso é un proceso que ten que producirse dentro dun aspecto legal e non dentro dun aspecto político.

E dentro da situación política nosoutros entendemos, e á parte foi o noso compromiso que a partir de maio non se ía traer aquí ningunha proposta que non fora de carácter e xestión ordinaria, pero tamén entendemos que non debemos paralizar a deputación e que non debemos de paralizar, de ningún modo esta institución, que esta institución debe de seguir funcionando neste período. Algúns pensabamos que nun período de 40 días se podería constituír, ou que se puidera constituír nun período de dous meses ou de tres, pero a realidade é que no día de hoxe os tribunais aínda non manifestaron, non

decidiron, cando debe constituírse e o que non debemos é abdicar das nosas responsabilidades, e o que non debes é prexudicar aos concellos, e o Plan de obras e servicios está remitido aos concellos para que poidan tramitar porque é unha xestión ordinaria, e así entendemos que todos os puntos, absolutamente todos os que veñen a este pleno, son de xestión ordinaria e ninguén máis cós membros do Partido Popular, e ninguén máis ca este goberno, o que pretende é xustamente manter unha actitude democrática e de respecto total ás institucións e ás persoas que conforman as institucións, e o que temos a impresión é que desde o Bloque Nacionalista Galego e desde o PSOE pretende confundirse esta actuación.

Están falando dun punto unicamente porque eu as preguntas téñoas anotadas, ¿que é o que habería que sacar?, ¿que puntos habería que deixar fóra para a nova corporación?, ¿que puntos habería que deixar fóra para a nova corporación?, ¿que puntos dos que se traen hoxe aquí para aprobar ou para ditame non deberían de estar incorporados?, ¿cáles non son de xestión ordinaria?, e apuntar o 17 e o 18 que é o Plan de dinamización da Costa da Morte como consecuencia do Prestige. Pois hai que dicir que hai un convenio formalizado, onde nese convenio, no apartado undécimo sinálase que a deputación debe de tomar a iniciativa da contratación da asistencia técnica necesaria para levar adiante este proxecto. De non levar adiante en tempo e forma podería mesmo perderse a achega do Ministerio Central, que estamos falando dunha achega de 400.000 euros para a anualidade 2003, 417 ou 399, rondan os 400.000 euros. Estamos falando de que o plan prevé actuacións a catro anos por un importe de 5.000.000 euros repartidos a tercios entre a Xunta, a deputación e o Goberno central, cunhas mínimas achegas dos concellos, pero non esquezamos que este proxecto se está realizando para tomar ese acordos no primeiro semestre do presente ano, coa participación de todos os concello afectados, e son os concellos os que lle din á deputación “representenos e execútense con toda celeridade, execútense aquelas obras necesarias para realizar esta proposta”. Eu creo que iso é o que se está a facer. ¿Que debe de facer esta deputación?, ¿que debe de facer este grupo de goberno?, ¿darlle as costas aos acordos dos concellos e non tramitar estes plans, e non tramitar o punto 17 e o punto 18?, ¿iso é o que propón o Bloque e o PSOE?, pois eu creo que están equivocados, eu creo que iso en ningún caso é unha falta, nin de respecto aos grupos, nin unha falta de respecto á situación democrática, senón todo o contrario, creo que é xustamente defendendo aspectos democráticos de interese xeral dos concellos, e facendo cumprir, sobre todo, o que eles nos manifestaron no seu momento. Creo que se levou ese proceso con toda a claridade, con toda a transparencia, e nosoutros, o que non entenderíamos é que, por deixamento, que por inanición, que por non facer nada, que perderamos o diñeiro nese senso

Ocorre o mesmo nun plan que facía mención, aínda que non especificaba o representante do PSOE, dalgúns proxectos que se están presentando con toda celeridade. Falemos claro, hai unha proposta no Pol dun concello que ten a documentación en regra, que calquera concello da provincia a podía ter presentado, pero é que, a maiores, de non haber

ningún concello que neste apartado non presentara ningún proxecto, tamén sería diñeiro que se perdería para a provincia; unha, que é un investimento cativo, que son 22 millóns de pesetas, pero sorte que temos un concello que presenta a documentación, que esa documentación está informada e que, polo menos, non nos quedamos sen ese diñeiro, o que sería moi grave e moi triste é que xusto o diñeiro das baixas, que é como se executa esta obra, que non fósemos capaces de tomar o acordo; eu creo que esa si é unha xestión ordinaria, creo que é unha xestión de responsabilidade deste goberno, e fundamentalmente de defensa da democracia, a democracia da deputación, pero tamén a democracia de a quen representamos, e que representamos aos concellos que indicaron con toda claridade a esta deputación que tramitaba ese Plan de dinamización da Costa da Morte coa celeridade correspondente e que, loxicamente aproveitasen os recursos.

Nosoutros reiterámoslles aos grupos políticos ese respecto, que entendemos que cómpre, ás institucións, o respecto á democracia, o respecto aos resultados, pero tamén a non paralizar a vida e a xestión ordinaria desta casa e, sobre todo, a non prexudicar a ningún concello, que é o que nosoutros entendemos que sería o máis grave, pero nosoutros temos ese firme compromiso de facelo así, e foi o que dixemos no último pleno, é o que seguimos manifestando, e no desexo tamén de que a situación de constitución do vindeiro goberno da Deputación provincial se faga o antes posible e se faga con toda a normalidade, e que unha vez que se tramite, loxicamente, que ten que tomar as decisións a quen lle corresponda. Pero, en todo caso, é unha hipótese de futuro, nestes momentos, loxicamente, hai un presidente, ademais imaxino que o voceiro do PSOE non o faría con mala intención, porque ademais eu nunca o fago, pero cando inicia a súa intención di o Sr. Torres, cando o habitual é que diga Sr. presidente -ah, si, entón fíxoo, non con mala intención, senón con boa intención, pero sendo consecuente de que o chamaba Sr. Torres-, pois o Sr. Torres segue a ser o Sr. presidente da Deputación provincial, e o Sr. Torres, xuntamente cos deputados que estamos aquí, temos unha responsabilidade que eu creo que en ningún caso debemos de abdicar dela, e debemos levala adiante porque así é o que nos reclamaron e o que nos requiriron. Ben é certo que en situación normal estaría constituído o novo goberno, pero en todo caso, o que debe de quedar ben claro é que non é imputable a este grupo provincial a situación na que estamos, é unha situación allea totalmente ao que é o noso grupo político. Pero que nosoutros, loxicamente, nesa situación o que queremos facer é, primeiro, atinar, e segundo respectar eses parámetros que nos parecen fundamentais en toda situación, como debe ser a que temos nosoutros aquí.

Todos os puntos, absolutamente todos os que veñen ao pleno de hoxe son de xestión ordinaria, cómpre que nos pronunciemos sobre ela, e nosoutros así é como o entendemos.

## Sr Rodríguez Doval

Procede a intervención no punto que se está a facer porque é o miolo da cuestión, xa o expliquei antes. Se nosoutros consideramos que a inclusión de determinados puntos responde a unha visión do que nosoutros entendemos de xestión normal, estaríamos avalando que se declara a ratificación da convocatoria do pleno ordinario; nosoutros pensamos que non, déixenos o Sr. Varela que pensemos que non.

Paréceme que ningún dos voceiros fixemos mención a que vostedes foran culpábeis do atraso que se está producindo na constitución da deputación; vostedes non son culpábeis do atraso, vostedes son responsábeis de que esa fase de transición se dea con todas as garantías, e máxime cando aquí houbo un acordo, que eu entendín que era un acordo tácito, para que iso se fixera así, de que máis nada que se incluíran temas de carácter de xestión ordinaria. Ben, vostedes entenden agora a xestión ordinaria dunha maneira e nosoutros entendímolos doutra, e nosoutros, os que estamos entendendo a xestión doutra, somos os grupos políticos que imos sustentar a maioría da corporación que xa debería de estar constituída, Sr. Varela, é así, aínda que vostede non o queira ver.

E, por certo, vólvolle dicir, non manteña vostede expectativas de que pasen cousas aquí como pasaron noutros sitios, parece que vostede ten unha tendencia a pensar que aínda se pode fugar para que non haxa esa maioría, perda vostede esa idea, Sr. Varela, once máis cinco son dezaseis, e dezaseis é maioría onde hai trinta e un, perda vostede esa especie de obsesión que ten de que pode pasar non sei que, non sei canto, e así porque ademais é legal así, e porque hai un acordo que está asinado entre dous grupos políticos. E, por certo, non quero entrar máis neste tema porque me dá certa rabia algunha das cousas que están pasando neste pleno, mire vostede para adiante, ou mire vostede cara a atrás.

Non é ordinario, Sr. Varela, non é ordinario que se hai ese compromiso de que algúns temas hai que debatelos, non é ordinario que vostedes nos traian aquí un debate sobre o cambio nun convenio e sobre unha actuación anual para o ano 2003 nun tema que non manexa aínda parte desta corporación, porque nosoutros non temos esa información. ¿Onde se artellou toda a serie de intervencións que se van facer nese Plan anual para o ano 2003?, ¿onde está artellado?, sabemos quen fixo ese plan, unha empresa privada seguramente, xa non sei se unha empresa ou un particular; por certo, ¿de onde saca vostede que os concellos participaron activamente?, está vostede moi mal informado, Sr. Varela, está vostede moi mal informado. Reclame información de cal é o nivel de participación que se lle deu aos concellos, mesmo á propia deputación ou a determinados departamentos da deputación, que xa me gustaría a min saber, como sei, a realidade da Costa da Morte, a pesar de non vivir alí, que cousas que eu coñezo, que para min serían intervencións que caen de caixón, que deberían de estar incluídas aí, non figuren. Iso é anormalidade, ou situación non ordinaria, é dicir, un plan que vai saír, que se vai parir a partir de agora, que vostedes digan, temos que

xestionalo porque senón, pérdese, e metemos o que nos pareza a nosoutros, iso non é así. Vostedes perfectamente podíanse ter sentado nunha reunión de voceiros e explicarlle ao resto dos grupos cal era o contido deses plans que ían aí, etc; etc. E vostedes podían ter feito o mesmo para nos explicar como é posible que a mediados de ano se gastara toda a partida que hai para o complemento de produtividade adicional, e dos criterios que vostedes, non nosoutros, que se nos somete aquí para aprobar, senón vostedes aplicaron para aboar e ademais para duplicar a cantidade que había no complemento de produtividade. ¿Podían sentarse con nosoutros e explicárnolo para que nosoutros puideramos valoralo moitísimo mellor?, non, vostedes preferiron meter ese tema como se fose de carácter ordinario, esa é a situación na que estamos aquí e ese é o chamamento que os dous grupos creo que lle fixemos, que o que pode ser excepcional, que se acometa, para que saibamos todos se é que ten que ser urxente ou non, que se acometa con esa excepcionalidade, e vostedes non o fixeron, metérono vía comisión ordinaria, convocaron as comisións daquela maneira, e por iso nosoutros dicimos que para nosoutros algúns temas non se estean tratando nesa situación de excepcionalidade. Eu non llo vou explicar tres veces, expliqueillo dúas, e ademais non llo vou explicar porque creo que vostede non o quere entender, como non entenden cousas que se dixeron aquí durante bastante tempo, pero é unha cousa ben sinxela, que parte eu creo dunha visión democrática e de situarse cada quen no seu papel nesta situación de excepcionalidade que estamos todos os que nos achamos aquí, nosoutros tamén, o noso grupo, o noso grupo será outro, non será este que está, pero estamos aquí. Pero para o noso grupo a valoración é que isto é excepcional, e que estas cousas que se inclúen son de materia ordinaria, non de materia extraordinaria e que, en todo caso, de non haber criterio de que foran de materia extraordinaria, habería que discutilo, e ¿como se discute?, aplicando o criterio básico que é consenso, debate, entendemento entre os grupos para ver como sacamos isto. E a min non me vale, e ao noso grupo non lle vale, e non creo que lle sirva a ninguén, ese medo de que senón, se perde o diñeiro. ¿Como vostede lle vai dicir aos cidadáns que habendo tantas necesidades na provincia da Coruña se vai perder un diñeiro pola incompetencia do Partido Socialista e do BNG?, non, ese manual tróuxoo vostede hai catro anos e pico e xa está caducado, segue con el, non aprendeu, que lle imos facer, e mire que a vostede lle permitimos que repita en setembro, pois en setembro volve a suspender, segue co manual. E xa lle digo -eu rogaría que, efectivamente, que houbera silencio, a xente ao mellor se pon nerviosa, pero non pasa absolutamente nada que estamos nun debate-, entón eu penso que o manual hai que deixalo e o que hai que facer é saber en que situación estamos, e o noso grupo está nesa disposición, fíxese vostede, Sr. presidente, o noso grupo está na disposición de debater, a nosoutros parécenos que son extraordinarias, pódense considerar ordinarias, pero temos que debatelos cando se nos dea esa oportunidade, se non se nos dá esa oportunidade, vimos ao Pleno e dicimos o que temos que dicir, a ver se nos aclaramos, porque parece que xa nas mentes se instala aquí unha especie de situación de que todo vale. E non nos equivoquemos, precisamente polo que dixó antes o voceiro do PSOE, e polo que dixó vostede tamén, que esta situación pode durar, aclarémonos, tomemos boa nota, e nun Pleno que imos ter dentro de quince días a ver se os temas que veñen

corresponden ou non á xestión ordinaria, porque se non estaremos no mesmo debate e ao mellor tamén teremos que falar doutras cousas. Entón, supoño que non estamos entendendo, aquí non se dixo que se fose romper absolutamente nada, a mellor disposición é funcionar como hai que funcionar, pero con ese criterio de respecto á legalidade, á democracia, e sobre todo á aplicación do sentido común que nosoutros entendemos que é o único que está faltando.

Eu non vou intervir máis, penso que dixen o que tiña que dicir, e en fin, non quixera que se abrise aquí un debate sobre cousas que están claras, porque a cidadanía ademais as está vendo con toda claridade. Polo tanto, en fin, non teño máis que dicir, e sobre algunhas cousas tamén prefiro non falar máis porque senón, a algún púñanselle as cores.

Sr. Fernández Moreda

O Sr. voceiro do Partido Popular, ou non entendeu nada, ou entendeu todo de marabilla, e manipulou a realidade para buscar unha argumentación. Vostede fala de que ten que actuar coa responsabilidade que require a institución, e que non poden abdicar da súa responsabilidade, nosoutros estámolle pedindo que actúen con responsabilidade e que non abdiquen da súa responsabilidade. E como estamos nunha situación anómala e excepcional, onde houbo unhas eleccións e hai unha maioría nova, e esa maioría nova non se vai modificar en función do que pase na mesa de Fisterra, a súa responsabilidade é facilitar unha transición ordenada de goberno nesta deputación, e responsabilidade é falar cos grupos da oposición para consensuar e porse de acordo tocante aos temas que aos plenos que se poidan facer se vaian levar; esa é a súa responsabilidade, e é unha responsabilidade que se basea no respecto democrático e no talante democrático, que eu, nin incluso agora, négolles, e que digo que se contradí coa súa forma de actuación nos últimos catro anos. E dinos, e tenta acusarnos de que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista neste acto, neste pleno, intentan demorar o tema do Plan de dinamización da Costa da Morte; iso é mentira, eu persoalmente dixen na miña anterior intervención que era un tema urxente, e vai con moito atraso, porque tiña que estar feito. E fíxense vostedes, o 8 de maio celébrase un pleno e apróbase un convenio, e o 9 de xuño asínase ese convenio, pois dende o nove de xuño ata o 12 de setembro houbo dous plenos, fíxense vostedes a importancia e a urxencia que lle dan ao tema, que o 27 de xuño que houbo pleno nesta corporación, non se trouxo ao pleno, que o 24 de xullo que tamén houbo pleno nesta corporación, non se trae a pleno, e tráese hoxe, e nosoutros non nos negamos de que se traía hoxe, simplemente pedimos que como se trae hoxe, antes de tralo a pleno, no exercicio da responsabilidade democrática que vostedes teñen, e do respecto á expresión popular expresada nas urnas, dialoguen coa oposición e conformemos o Plan de dinamización escoitando ás persoas que van ter que executar e pagar este plan, iso é o democrático, o contrario non é democrático, é gañas de confundir responsabilidade con lexitimidade, e vostedes non teñen a lexitimidade, nosoutros tampouco,



nosoutros terémola cando se constituía a deputación, cando se elixa un novo presidente e cando se elixa un novo goberno, neste momento teremos a lexitimidade democrática para exercer o poder, pero vostedes non teñen a lexitimidade para exercer o poder, teñen a responsabilidade de ir xestionando o día a día ata que se produza ese feito, e dentro da responsabilidade está o respectar a vontade dos cidadáns e falar coas persoas que van levar adiante a deputación nos vindeiros catro anos porque a lexitimidade, e dicíallo na anterior intervención, para o exercicio do poder danna as urnas, e as urnas falaron e hai un cambio de maioría. Polo tanto vostedes só teñen a responsabilidade de xestionar neste período o que se chama a xestión ordinaria, que xa lle digo que é un concepto xurídico indeterminado que, a xuízo dalgúns ata inclúe a aprobación do orzamento, e a xuízo doutros, noutras interpretacións, inclúe outra serie de cousas, e dende logo non a aprobación dun orzamento.

(Sae o Sr. Mirás Franqueira).

Dinos que o nosoutros, coa nosa acritude, pretendemos que se perda un diñeiro da Xunta, mesmo do ministerio, do Goberno da nación, que se pode perder se isto non se aproba; eu resáltolle e reitérolle os argumentos, non queremos iso, queremos que se fale, porque mire, posiblemente non o votásemos, de falaren con nosoutros ao mellor non diríamos que o que hai que facer é o que vostedes teñen previsto facer, porque teñen previsto facer unha páxina web cando todos os concellos da Costa da Morte teñen unha páxina web, contratar unha asistencia para contactar con maioristas de turismo, se os concellos e a deputación están en Fitur todos os anos; facer un estudio do perfil do turista; un inventario náutico; sinalizar os accesos ás praias, home, eu non sei se hai que mellorar ou pór algunha sinalización nos accesos ás praias; Museo de Indumentaria en Vimianzo, xa hai un museo do traxe galego en Vimianzo, ¿vaise aumentar?, ben, pois parécenos moi ben; guías turísticas, hai guías turísticas. Nosoutros, e téñeno que meter na cabeza, imos desenvolver durante os vindeiros catro anos este plan, que é un plan que nosoutros pedimos nun pleno extraordinario que se convocou nesta deputación por mor do Prestíge, queremos que se potencie a Costa da Morte, incluso noutro período de maioría socialista e de xestión socialista, desde esta deputación impulsouse un proxecto, o proxecto Neria, precisamente para impulsar e dinamizar aquela zona, un proxecto que lle custou 27 millóns de pesetas á deputación e que conseguiu reunir fondos por máis de 3000 millóns de pesetas, de fondos comunitarios. Polo tanto non nos diga que non o queremos, que o queremos demorar, o que queremos é que se entenda dunha forma razoable, que estamos nunha situación anormal, excepcional, require un trato e un talante diferente, porque vostedes vanse e nosoutros chegamos, e vostedes non teñen a lexitimación para tomar decisións que van marcar o contido da actuación política do próximo goberno, e nosoutros non temos a lexitimidade tampouco, nin vostedes nin nosoutros, e como nin vostedes a teñen, nin nosoutros a temos, o que temos que facer é ter un talante de diálogo, de consenso e dar a información precisa para que se poida actuar sen perda de tempo, sen demoras e sen prexudicar aos concellos, no vindeiro goberno.

E logo unha última matización, cando eu dicía que sabía dalgúns proxectos, que se estaban intentando aprobar ás présas e correndo, non me refería ao Plan do Pol, iso é unha anécdota, referíame a algúns que si me preocupan, e quérollo dicir publicamente, preocupánnos. Preocúpanos, por exemplo que modificaran o Prego de condicións técnicas da adjudicación do mantemento dos parques de bombeiros, preocupápanos porque non o compartimos, e ímolo ter que desenvolver nosoutros; preocupápanos por exemplo que nese prego se diga que teñen un prazo de 15 días desde a publicación no boletín as empresas para presentar as súas ofertas, é un contrato que se pode prorrogar por 15 anos, e que pode acadar se se prorroga durante 15 anos, a cantidade de 15.000 millóns de pesetas, e un contrato desa natureza, creo que para favorecer a publicidade e a concorrência de ofertas, non se pode dar un prazo de 15 días, porque non é lóxico, nin sensato, nin normal nunha cabeza ben pensante.

Como tampouco compartimos que nese cambio do prego de condicións, o voto de calidade que tiña o presidente da deputación, suprimiuse, e xa non ten voto de calidade o presidente da deputación, teno un funcionario da Xunta, e eso implica que se nosoutros estamos en desacordo con ese prego de condicións, se vostedes non cambian de actitude, imos ter que tragalo, e imos ter que tragalo sendo nos os que vaiamos xestionalo, a esas cousas referíame. Se non entenden esas cousas, e que non entenden o abecedario do que é un sistema democrático, do que é a democracia, e do que significa nunha democracia a vontade popular. Máis nada e moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Unicamente reincidir no tema da Costa da Morte, no Plan de dinamización, porque eu estou seguro de que non coñecen como foi a tramitación, e como non a coñecen están tirando determinadas opinións que nada teñen que ver coa realidade.

Todos os concellos presentaron unhas propostas de actuacións do que eles desexaban que se fixera en cada zona, esas propostas foron refundidas e do plan que ten un investimento de 5 millóns de euros, preténdese executar nesta anualidade, 1.233.000, pero que é necesario, é que se non se fai, e non se toma o acordo, si que se perde.

O tema do Pol, pregunte aos servicios xurídicos se se perden esas economías ou non se perden, eu non estou falando pola miña boca, estou falando porque preguntei esta mañá, e o que me din é “se esas cantidades non as aprobades, esta deputación perde ese diñeiro”, eu estou falando porque o preguntei, e polo tanto aí creo que debemos actuar con responsabilidade.

A programación deste Plan de dinamización que ten catro anualidades, a primeira está feita a programación, quen a ten que executar pode ser outro goberno, pero quen fixo a programación foise no primeiro semestre, e nosoutros entendemos que hai que dar canle a esa vontade de programación, e nosoutros entendemos que iso é xustamente en nome dunha responsabilidade.

E tamén temos a impresión de que nalgunha intervención, cando aluden a aspectos democráticos, e solicitan de parte do goberno, o goberno tamén solicita de parte da oposición, porque ó final cada un debe dar e debe de render contas de cal é a actuación. E nós, desde este grupo político, si podemos dar conta da total transparencia e da total colaboración.

Os grupos políticos tiveron reunión co presidente da deputación, e aí, nese foro, poden solicitar que os grupos políticos que manteñan xustamente eses acordos, pero está claro que todos os puntos, todos os que veñen a esta orde do día, son de xestión ordinaria. E, loxicamente, a proposta que fan os grupos do Bloque e do PSOE nestes momentos, o que pretenden é xustamente paralizar actuacións, e se non o pretenden, ese sería o resultado; poden non pretendelo, pero desde logo que o resultado sería ese, inevitablemente.

Máis nada e moitas grazas.

#### Sr. presidente

Moi brevemente, que está todo dito, antes de proceder ás votacións correspondentes, pero de verdade que a min sorpréndeme a actuación dos dous grupos e a súa postura neste tema de que isto non é cuestión ordinaria, isto é plenamente cuestión ordinaria todo, e díganme vostedes onde hai algún reparo dalgún dos técnicos ou funcionarios desta corporación, que digan que isto non é cuestión ordinaria. Eu, se teño o mínimo reparo dalgún funcionario ou técnico responsábel desta deputación, este tema déixao aparcado, e xa o dixen no último pleno, cando o Sr. Fernández Moreda dicía que se tivera en conta, que non se tratara nada que non se tivera en conta, que non se tratara nada que non fora cuestión ordinaria, iso mantéño e vou mantelo.

Polo tanto todos estes puntos son de cuestión ordinaria, de xestión ordinaria, estou lexitimado e vou gobernar como tal presidente en funcións, lexitimado e teño a miña responsabilidade para non paralizar os temas que están aprobados, que hai que desenvolverlos, e que poden causar un prexuízo aos concellos de non ser así.

Polo tanto, eu creo que estamos desvirtuando as cousas, que estamos sacando as cousas do seu sitio, e polo tanto creo que non teñen vostedes ningunha razón, teñen a súa postura política que é moi respectábel, pero respecto político e democrático a todos

vostedes, por suposto que o temos, e terémolo sempre, e creo que o demostrei, e seguireino demostrando.

Entrando en temas puntuais, teño que insistir no que dixo o Sr. Varela, que no tema de dinamización turística da Costa da Morte, por suposto tres millóns de euros que puxemos por iniciativa deste equipo de goberno, non só un millón de euros para a dinamización turística, senón outro millón de euros para a rexeneración ambiental e outro millón de euros para apoio aos concellos e ás confrarías, creo que foi iniciativa deste equipo de goberno que non veu por ningunha ..., si, convocouse un pleno extraordinario que demandaron vostedes, pero a iniciativa partiu deste equipo de goberno, deses tres millóns de euros para apoiar a todos os concellos afectados pola catástrofe do Prestige.

Pero volvo a insistir, que se non actuamos agora, como estamos actuando, con toda responsabilidade e lexitimidade, o diñeiro da Administración central perderíase, e polo tanto, hai que desenvolver ese plan plurianual con temas e proxectos nos que os concellos tiveron a súa parte, por suposto que están presentes na Comisión de Seguimento neste Plan de dinamización turística da Costa da Morte.

Sr. Fernández Moreda, direille que o Consorcio Provincial de Parques de Bombeiros, onde está a Xunta de Galicia e esta deputación, é un órgano autónomo, empezando por aí, é un órgano autónomo. E cambiáronse as bases con toda a vontade e con toda a responsabilidade porque houbo un concurso para adxudicar a xestión dos parques de bombeiros, que queremos que funcionen canto antes, como queren os concellos, e quererán vostedes que funcionen canto antaes, porque tal como estaban as bases, e recoñecémolo así, non se garantía plenamente a solvencia da empresa que puidera levar esa xestión. Nese senso cambiáronse as bases, e estase acelerando o trámite para que cando entren vostedes fagan o que consideren oportuno.

E non perde o voto de calidade a Presidencia, a deputación, cando lle corresponde. Hai un acordo que o presidente dese Consorcio Provincial de Bombeiros será cada ano, polo tanto, a deputación estivo un ano o seu presidente, agora estará o conselleiro de Xustiza, ou persoa en quen delegue durante un ano, terán o voto de calidade, e para o ano seguinte, se vostedes están gobernando aquí, terán ese voto de calidade, pero non hai ningún deixamento de funcións nin poder desta deputación e outro ano será, neste caso a Xunta de Galicia.

Polo tanto está no seu dereito tomar as posturas que queira con respecto a estes puntos, direille que é xestión plenamente ordinaria, que non hai ningún reparo por ningún funcionario, nin técnico desta deputación que diga o contrario, e que se hai algún tema de xestión extraordinaria, ou comentareino con vostedes, se considera que é oportuno, ou quedará aparcado ata que entren vostedes. Creo que a lealdade política, a demostración

democrática deste equipo de goberno co seu presidente, está demostrado, e estamos abertos a todas as súas inquiredanzas, sempre, por suposto, que deixe de facer deixamento das miñas funcións e das miñas responsabilidades.

A seguir procédese a votar a ratificación da inclusión do asunto na orde do día.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

Procédese á votación da proposta.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

### **ACORDO**

Ratificar o carácter ordinario da sesión do Pleno da Deputación Provincial que se celebre o día 12 de setembro, a partir das doce horas, convocada pola Presidencia como sesión ordinaria correspondente ó oitavo mes de 2003.

## **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 9.600 Á NÚM. 13.886, DE 2003.**

La Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola presidencia, da núm. 9.600 á núm. 13.886, de 2003.

## **3.-TOMA DE COÑECEMENTO DA ATRIBUCIÓN DE RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA A FAVOR DE MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS, EN SUBSTITUCIÓN DE PILAR CANDOCIA PITA.**

O Pleno toma coñecemento da atribución de réxime de dedicación exclusiva a favor de Margarida Vázquez Veras, en substitución de Pilar Candocia Pita.

#### **4.-CONTA XERAL DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2002.**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 Deputados (PP)  
Votan en contra Ningún Deputado.  
Abstéñense: 13 Deputados ( 9-PSOE e 4-BNG)

##### **ACORDO**

Préstase aprobación ó seguinte dictame da Comisión:

“1º.-Aprobar a conta xeral da Excma. Deputación Provincial correspondente ó exercicio económico de 2002 unha vez que se deu cumprimento ós trámites establecidos no art. 193 da Lei 39/88 do 28 de decembro reguladora das facendas locais, sen que presentaran reparos ou observacións á devandita.

2º.-Renderlle ó Consello de Contas a dita conta, unha vez estea debidamente aprobada.”

#### **5.-ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AEAT E A FEMP EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E COLABORACIÓN NA XESTIÓN DE RECADACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS.**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 Deputados (PP)  
Votan en contra Ningún Deputado.  
Abstéñense: 13 Deputados ( 9-PSOE e 4-BNG)

##### **ACORDO**

Préstase aprobación ó seguinte dictame da Comisión:

“1º.-Aprobar a adhesión ó convenio de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias, en materia de intercambio de información e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais.

2º.-Facultar ó presidente para executar o presente acordo”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA COAS ENTIDADES LOCAIS.

En Madrid, o día 15 de abril de 2003.

REUNIDOS

A Excm. Sra. Dona. Rita Barberá Nolla, Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias.

O Excmo. Sr. D. Cristóbal Montoro Romero, Ministro de Facenda.

O Excmo. Sr. D. Estanislao Rodríguez-Ponga e Salamanca, Secretario de Estado de Facenda e Presidente da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

EXPOÑEN

A Axencia Estatal de Administración Tributaria (en adiante, Axencia Tributaria) é a entidade de dereito público encargada, en nome e por conta do Estado, da aplicación efectiva do sistema tributario estatal e alfandegueiro, e daqueles recursos doutras Administracións e entidades públicas nacionais ou da Unión Europea da que a xestión se lle encomende por lei ou por convenio.

A federación Española de Municipios e Provincias (en adiante, FEMP) é unha asociación constituída por entidades locais, creada ó abeiro da Disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, e declarada de utilidade pública mediante acordo do Consello de Ministros do 26 de xuño de 1985, para a protección e promoción dos seus intereses comúns.

Os municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado e canle inmediato de participación cidadá nos asuntos públicos que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividadeas.



As provincias e illas son entidades locais con personalidade xurídica propia, que gozan de autonomía para xestionar os intereses propios das correspondentes colectividadeas.

## II

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as Administracións públicas e conforme ao principio establecido no artigo 4.1 c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, os representantes de ambas as partes consideran que sería moi beneficioso para o cumprimento dos seus respectivos fins o establecer un sistema estábel e periódico de intercambio de información tributaria entre a Axencia Tributaria e as entidades locais, así como convir algúns aspectos relacionados coa xestión recadatoria das citadas entidades.

Igualmente, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece no seu artigo 55 que “Para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, as Administracións do Estado e das comunidades autónomas, dunha banda, e as entidades locais, doutra, deberán nas súas relacións recíprocas: c) facilitarles ás outras Administracións a información sobre a propia xestión que sexa relevante para o adecuado desenvolvemento por estas do seus cometidos e d) prestar no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que as outras Administracións puideran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas”.

O presente intercambio de información vén posibilitado tanto pola lexislación reguladora dos dereitos e garantías dos contribuíntes como pola que rexe a subministración de información tributaria ás administracións públicas.

Así, de acordo co artigo 112.1 da Lei xeral tributaria todas as entidades públicas están obrigadas a fornecerlle á Administración tributaria cantos datos e antecedentes con transcendencia tributaria solicite esta mediante disposicións de carácter xeral ou a través de requirimentos concretos, e a prestarlle a ela e ós seus axentes apoio, concurso, auxilio e protección para o exercicio das súas funcións. Ademais, o apartado cuarto do mesmo precepto, na redacción dada pola Disposición adicional cuarta da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, dispón que a cesión daqueles datos de carácter persoal, obxecto de tratamento, que se lle deba efectuar á Administración Tributaria non requirirá o consentimento do afectado. Na mesma liña, o artigo 11.2.a) da mesma lei exceptúa a regra xeral da necesidade de consentimento do interesado para o suposto de que a cesión estea autorizada nunha lei.

Pola súa parte, o artigo 113.1 da Lei xeral tributaria, despois de sentar o principio xeral de que os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración Tributaria no desempeño das súas funcións ten carácter reservado e só poderán ser utilizados para a

efectiva aplicación dos tributos ou recursos dos que teña a xestión encomendada, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, enumera unha serie de excepcións a el dentro das que se encontra o suposto -apartado b)- de que a cesión teña por obxecto a colaboración con outras Administracións tributarias para efectos do cumprimento de obrigas fiscais no ámbito das súas competencias.

Por outra banda, nos artigos 2 e 3 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, establécense, por unha banda, os principios xerais de eficacia e limitación de custos indirectos derivados do cumprimento de obrigas formais que deben artellar a aplicación do sistema tributario e, por outro lado, que os contribuíntes teñen dereito a solicitar certificación e copia das declaracións presentadas por eles e a non achegar os documentos xa presentados e que se encontren en poder da Administración actuante. Seguindo esta orientación, a Disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, baixo o título de “Información por medios telemáticos”, contempla, trala autorización previa dos interesados, a subministración de información tributaria por medios telemáticos e informáticos a favor das Administracións públicas para o desenvolvemento das funcións que teñan encomendadas, supeditándoo aos termos e garantías que se fixen mediante orde do Ministerio de Economía e Facenda e no marco de colaboración que se estableza.

En cumprimento desta habilitación legal, dictouse a orde do 18 de novembro de 1999 que regula a subministración de información tributaria ás Administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións, así como os supostos contemplados no artigo 113.1 da Lei xeral tributaria (BOE nº 286 do 30 de novembro). No artigo 2 desta orde regúlase, en concreto, a subministración de información de carácter tributario para o desenvolvemento das funcións atribuídas ás Administracións públicas, prevendo que “cando a subministración de información sexa procedente, procurárase cubrila por medios informáticos ou telemáticos atendendo ás posibilidades técnicas tando da Axencia Estatal de Administración Tributaria como da Administración cesionaria, que poderán convir en cada caso concreto o que estimen máis conveniente”.

Razóns de eficacia no exercicio das competencias atribuídas ás partes signatarias xustifican o establecemento dun sistema de intercambio de información que permita unha axilización na disposición da información e unha diminución dos custos incorridos, aproveitando ao máximo o desenvolvemento das novas tecnoloxías. O dito sistema regúlase a través do presente convenio, dado que o intercambio se producirá sobre os datos dun elevado número de interesados ou afectados por eles e haberá de verificarse dunha forma periódica e continuada no tempo. Por isto, a utilización de medios non informáticos nin telemáticos será absolutamente excepcional en orde a axilizar os procedementos establecidos no presente convenio.

En todo caso, a subministración de información efectuada no ámbito de aplicación deste convenio deberá respectar os dereitos fundamentais á honra e á intimidade persoal e familiar dos cidadáns e á protección de datos persoais que prescriben os apartados 1 e 4 do artigo 18 da Constitución Española, nos termos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Por último, convén en todo caso precisar que o presente convenio dalgún modo supón unha limitación ás facultades de cesión de información e deberes que para a xestión recadatoria a lexislación establece a favor das partes convinientes.

### III

Como consecuencia, sendo xurídicamente procedente o establecemento dun sistema estábel de intercambio de información entre a Axencia Tributaria e as entidades locais por medios informáticos ou telemáticos, ambas as partes acordan celebrar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

### CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración sobre as condicións e procedementos polos que se debe rexer o intercambio de información e a colaboración na xestión recadatoria entre a Axencia Tributaria e as entidades locais que se adhiran a el, preservando en todo caso os dereitos das persoas a que se refira a información.

2.- As partes intervenientes poderán intercambiarse a información que precisen para o desenvolvemento das súas funcións, nos termos establecidos no presente convenio. De ningún modo o presente convenio suporá unha limitación ás facultades de intercambio de información que a lexislación establece.

Este sistema de colaboración queda establecido sen prexuízo dos deberes recíprocos que impón o artigo 8 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, co desenvolvemento interno na Axencia Tributaria na Circular 4/1990 da Dirección Xeral de Recadación dela.

SEGUNDA.- Suxeitos intervenientes

Os interlocutores institucionais e informáticos coa Axencia tributaria para os exclusivos efectos do intercambio de información serán os seguintes:

- Respecto do fornecemento de información para finalidades tributarias (ou ao abeiro do artigo 113 b) da LXT), da Axencia Tributaria ás entidades locais, os interlocutores serán cada unha das entidades locais que se adhiran ó presente convenio. Non obstante, respecto da subministración de datos identificativos estarase ao disposto no terceiro guión seguinte.

- Respecto da subministración de información para finalidades tributarias (ou ao abeiro do artigo 113 b) da LXT) das Entidades locais á Axencia Tributaria, os interlocutores serán cada unha das entidades locais que se adhiran ó presente convenio.

- Respecto da información subministrada pola Axencia Tributaria ás entidades locais para o desenvolvemento doutras funcións (as recollidas na cláusula cuarta 1.B), os interlocutores serán cada unha das entidades locais que se adhiran ó presente convenio, a través do interlocutor único o que se refire a cláusula sétima do presente convenio.

- Respecto do imposto sobre actividades económicas, tanto na información fornecida pola Axencia Tributaria ás entidades locais como a fornecida por estas últimas á primeira ao abeiro do artigo 113.1b) da LXT, os interlocutores serán cada unha das entidades locais determinadas conforme á normativa vixente do citado imposto, que se adhiran ao presente convenio.

TERCEIRA.- Sistema de adhesión ao convenio.

A adhesión ao presente convenio por parte das entidades locais interesadas serao conforme ao seguinte procedemento. Cada entidade local, a través do seu órgano de goberno e por conducto da Femp, enviaralle ao Departamento de Organización, Planificación e Relacións Institucionais a súa solicitude de adhesión plena e sen condicións ao presente convenio (inclúese como Anexo II modelo de protocolo de adhesión). A aceptación de tal adhesión, despois dos informes internos oportunos, será realizada polo director do mencionado departamento e posteriormente, comunicada á entidade local por conducto da Femp e ao delegado especial/delegado da Axencia Tributaria do ámbito da entidade local. Para valorar adecuadamente a solicitude de adhesión e dado que o sistema de subministración será con carácter xeral telemático, tendo en conta os principios inspiradores da cesión de información, basicamente o de intimidade e necesaria confidencialidade dos datos, o departamento mencionado valorará a adecuación e pertinencia da dita autorización.

CUARTA.- Intercambio de información tributaria.

Sen prexuízo do disposto na cláusula sétima, o resto de subministracións de información a que se refire a presente cláusula se levarán a cabo mediante os procedementos que acorde a Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento disposto na cláusula décimo terceira deste convenio.

### **1. Da Axencia Tributaria ás entidades locais.**

A subministración de información que efectúe a Axencia Tributaria no marco do presente convenio rexerese polas regras e principios contemplados no artigo 6 da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999.

A.- Información subministrada no abeiro do artigo 113.1b) da Lei xeral tributaria.

#### **\*Datos identificativos**

- Contido da subministración: apelidos e nome, no caso de persoas físicas, ou razón social, para as persoas xurídicas e entidades do artigo 33 da lei xeral tributaria, NIF e domicilio fiscal.

No suposto de sociedades civís e comunicacións de bens ademais dos datos anteriores relativos á entidade, subministraranse os datos identificativos dos partícipes e o seu grao de participación na sociedade ou comunidade.

- Periodicidade: semanal.

**\*Censo de contribuíntes.** A subministración refírese ós contribuíntes que pertencen ao ámbito territorial da entidade local.

- Contido da subministración: apelidos e nome, no caso de persoas físicas, ou razón social, para as persoas xurídicas e entidades do artigo 33 da Lei xeral tributaria, NIF e domicilio fiscal.

- Periodicidade: semestral.

**\*Censo de obrigados.** A subministración comprende as persoas físicas xurídicas e entidades do artigo 33 da Lei xeral tributaria, que realicen algunha actividade empresarial ou profesional, cando o domicilio fiscal da actividade se encontre no ámbito territorial da entidade local.

- Contido da subministración: será determinado pola Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento establecida na cláusula duodécima.

- Periodicidade: semestral.

\*Imposto sobre actividades económicas. A información e periodicidade da subministración realizarase cunforme á normativa vixente.

Tocante ós tres tipos de subministración inmediatamente anteriores e co obxecto de facilitar o tratamento da información por parte das entidades locais, no seo da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento do convenio adoptaranse as medidas necesarias que permitan evitar duplicidades nos datos subministrados a través do censo de contribuíntes, do censo de obrigados e da matrícula do imposto sobre actividades económicas.

\* Cesión de información sobre depósitos bancarios da provincia do ámbito territorial no que se encontre a entidade local, do que a titularidade corresponda aos debedores da citada entidade local, sempre que se trate de débedas que se encontren en fase de embargo.

- Contido da subministración: identificación do depósito bancario (entidade, sucursal e número de depósito).
- Periodicidade: trimestral.

\*Cesión de información sobre participacións en fondos de investimento da provincia do ámbito territorial no que se encontre a entidade local, coa titularidade correspondente aos debedores da citada entidade local, sempre que se trate de débedas que se encontren en fase embargo.

- Contido da subministración: identificación da entidade xestora e depositaria do fondo.
- Periodicidade: trimestral.

O ámbito a que se refire a cesión de información sobre depósitos bancarios e participacións en fondos de investimento será ampliable mediante acordo da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento disposta na cláusula décimo terceira do presente convenio.

B.- Información subministrada para o desenvolvemento doutras funcións.

O fornecemento de información procedente da Axencia Tributaria para finalidades non tributarias como finalidade exclusiva a colaboración coas entidades locais no desenvolvemento das funcións que estas teñan atribuídas cando, para o exercicio delas, a normativa reguladora esixa a achega dunha certificación expedida pola Axencia Tributaria ou a presentación, en orixinal, copia ou certificación, das declaracións tributarias dos interesados ou de calquera outra comunicación emitida pola Axencia Tributaria, en particular no caso de non obrigados a declarar. Nestes supostos, a información que debe constar en tales documentos solicitarase directamente da Axencia Tributaria, sempre que resulte necesaria para o exercicio de tales funcións, refírase na súa totalidade a un elevado numero de interesados ou afectados e haxa de efectuarse de forma periódica ou continuada no tempo.

Para o cumprimento desta finalidade establécense as subministracións de información que se recollen no Anexo I ao presente convenio, que deberán realizarse con periodicidade e contido que se detallan nel, mediante o tratamento telemático das solicitudes efectuadas.

As peticións deberán conter todos os datos que sexan precisos para identificar claramente aos interesados afectados e o contido concreto da información solicitada, que deberá ser o imprescindible para garantir o adecuado exercicio das funcións que ten atribuídas a entidade solicitante da información.

As subministracións de información tributaria a que se refire o presente apartado deberán contar coa autorización expresa previa dos interesados, conforme co disposto na Disposición adicional cuarta da Lei 40/98, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, nos termos e coas garantías que se establecen no artigo 2.4 da orde do 18 de novembro de 1999. De non contarse coa autorización previa do interesado, a Axencia Tributaria poderá subministrarlle á entidade local a información necesaria para o cumprimento das finalidades descritas na letra B do apartado 1 desta cláusula, sempre que a dita cesión poida abeirarse no artigo 113.1 da Lei xeral tributaria.

## 2.- Da entidade local á Axencia Tributaria.

\*Datos identificativos contidos no padrón municipal (só no caso de concellos).

- Contido da subministración: apelidos e nome, NIF, data de nacemento e domicilio das persoas físicas que consten no padrón do concello.
- Periodicidade: anual.

\*Altas, baixas e modificacións no imposto sobre actividades económicas. A información e periodicidade da subministración realizarase conforme á normativa vixente.

\*Liquidacións do imposto sobre construción, instalacións e obras.

- Contido da subministración: cando o custo da obra supere 83.000 euros forneceranse os seguintes datos: número fixo de imputación do inmovible, emprazamento da obra, identificación do dono da obra ou promotor (apelidos e nome ou razón social e NIF), indentificación do constructor cando sexa distinto do anterior, orzamento da obra ou custo real da obra ou construción, data de concesión da licencia e data de finalización establecida, identificación dos facultativos e número de visado. Cando o custo da obra non supere 83.000 euros: identificación do promotor, orzamento da obra e asentamento do inmovible.
- Periodicidade: anual

\*Liquidacións do importe sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

- Contido da subministración: localización do inmovible transmitido, número fixo de imputación del, apelidos e nome ou razón social e NIF da persoa que transmita o terreo e de quen o adquira, número de anos transcorridos desde a anterior transmisión -a partir de 1994-, ou, no seu defecto, antigüidade desde a anterior transmisión, clase de transmisión e valor catastral do terreo transmitido.
- Periodicidade: semestral

\*Bens inmovibles coa titularidade correspondente a persoas residentes no estranxeiro.

- Contido da subministración: localización do inmovible, valor catastral e número fixo de imputación del e identificación do titular (apelidos e nome ou razón social e NIF ou NIE).
- Periodicidade: anual

\*Cambios na clasificación do solo (só no caso de concellos)

Subministración dos cambios na situación urbanística do municipio, xa sexan xerais ou parciais e de calquera natureza que modifique a clasificación do solo, urbano, urbanizable e non urbanizable: expedientes aprobados referentes a



Programas de actuación urbanística (PAUs), Plans especiais de reforma interior (PERIs), Plans parciais e modificacións parciais de planeamento.

- Contido da subministración: identificación dos titulares dos predios afectados (apelidos e nome ou razón social, domicilio e NIF), especificación do tipo de expediente de planeamento urbanístico e localización dos predios afectados con expresión da parcela, polígono, número fixo da imputación delas, etc.
- Periodicidade: anual.

\*Información de natureza urbanística: licencias urbanísticas concedidas: identidade do promotor (nome ou razón social e NIF), orzamento da obra para a que se conceda a licencia e asentamento do inmovible respecto do cal se concede a licencia.

#### QUINTA.- Destinatarios da información subministrada.

A información cedida pola Axencia Tributaria só poderá ter como destinatarios aos órganos das entidades locais que teñan atribuídas as funcións que xustifican a sección, incluídos os órganos de fiscalización, na medida en que, pola súa normativa participen nos procedementos para os que se subministra a referida información. Igualmente poderán ser destinatarios os organismos ou entidades de dereito público dependentes das entidades locais que exerzan funcións ou instrúan os procedementos para os que se subministran os datos. En ningún caso poderán ser destinatarios órganos, organismos ou entidades que realicen funcións distintas das que xustifican a subministración.

Todo isto sen prexuízo da estricta afectación da información remitida pola Axencia Tributaria aos fins que a xustifican e para os que se solicitou. En calquera caso, o destinatario non poderá ceder a terceiros a información remitida pola Axencia Tributaria.

Do mesmo modo, a información cedida polas entidades locais á Axencia Tributaria só poderá ter como destinatarios aos órganos dela que teñan atribuídas as funcións que xustifican a cesión, sen que en ningún caso poidan ser destinatarios órganos que realicen funcións distintas das que xustifican a subministración.

#### SEXTA.- Natureza dos datos.

Os datos fornecidos son os declarados polos contribuíntes e demais obrigados a fornecer información ou os liquidados polas Administracións tributarias, sen que con carácter xeral, foran sometidos a actividade ningunha de verificación previa á súa automatización. Non

obstante, cando os citados datos foron comprobados polas Administracións tributarias, facilitaranse os datos comprobados.

Tanto a Axencia Tributaria como as entidades locais poderán solicitarse recíprocamente especificacións ou aclaracións, sobre a natureza e contido dos datos obxecto de subministración.

SÉTIMA. Procedemento de subministración de información para finalidades non tributarias e de datos identificativos.

Para executar o disposto na cláusula cuarta 1A (datos identificativos) e B do presente convenio, a entidade local que se adhira a el deberá designar, mediante acordo do seu máximo órgano representativo, un interlocutor único, coas funcións que se describen a continuación.

A) Fase inicial:

1.- Tras a adhesión ó presente convenio, os órganos administrativos da entidade local e os organismos ou entidades de dereito público dependentes dela, deberán remitir ao seu interlocutor único a seguinte documentación:

- Datos identificativos do órgano, organismo ou entidade de dereito público solicitante (denominación, NIF, enderezo, teléfono....)
- Obxecto da subministración de información.
- Procedemento ou función desenvolvida polo órgano solicitante.
- Competencia do órgano, organismo ou entidade de dereito público (con referencia á correcta normativa aplicable).
- Tipo de información solicitada. Esta deberá axustarse aos diferentes tipos de información establecidos no anexo I do presente convenio ou á administración de datos identificativos, sen prexuízo do disposto no apartado c) desta cláusula.
- Adecuación, relevancia e utilidade da información tributaria solicitada para o logro da finalidade que xustifica a subministración.

O interlocutor único da entidade local, recibidas todas as solicitudes, remitiralle á Delegación da Axencia Tributaria unha relación detallada de todos os órganos e organismos

solicitantes, a normativa na que se recollan as funcións desenvolvidas e a súa competencia, así como o tipo concreto da información solicitada.

2.- Unha vez examinada a documentación e comprobado que todas as solicitudes se axustan ao establecido no presente convenio, o delegado da Axencia Tributaria procederá a dar de alta no órgano, organismo ou entidade de dereito público na aplicación correspondente de subministración telemática de información. Así mesmo lle comunicará esta circunstancia ao interlocutor único da entidade local, para que a partir dese momento, as peticións de información se realicen de acordo ao establecido neste convenio.

3.- A incorporación posterior de novos órganos, organismos ou entidades á aplicación de subministración telemática de información realizarase, á súa vez, conforme no establecido nos apartados anteriores.

#### B) Subministración de información:

##### 1. Solicitud:

Os órganos, organismos e entidades de dereito público dependentes dela previamente autorizados e para cada tipo de procedemento, remitiranlle á Axencia Tributaria por vía telemática unha relación de solicitudes de información na que se incluírán todos os datos que sexan precisos para identificar claramente aos interesados afectados e o contido concreto da información solicitada, que deberá axustarse aos diferentes tipos de información previamente determinados pola Axencia Tributaria. Así mesmo, deberase constar que os interesados na información solicitada autorizaron expresamente a subministración de datos, sen que se producira a súa revogación, con excepción dos que se realicen ao abeiro do artigo 113.1 b) da Lei xeral tributaria, e que se tiveron en conta as demais circunstancias establecidas no artigo 2.4 da Orde do 18 de novembro de 1999 respecto da dita autorización.

Non se poderán incorporar peticións de información de órganos, organismos ou entidades de dereito público que non obtiveron autorización previa.

##### 2.. Tramitación e contestación:

Unha vez recibida a petición, tras as verificacións e procesos correspondentes, a Delegación da Axencia Tributaria remitiralle a información solicitada nun prazo non superior a sete días dese a recepción da dita solicitude. No suposto de que algunha petición non fose atendida nese prazo, o usuario poderá coñecer o motivo para que, no seu caso, poida ser obxecto de subsanación.

### 3. Formato:

Tanto a solicitude como a entrega da información realizarase por medios telemáticos. En especial, poderá realizarse polos medios e nos termos que estableza a Axencia Tributaria para expedir certificados tributarios electrónicos por parte dos seus órganos.

### **C. Modificacións :**

Despois do acordo entre o delegado da Axencia Tributaria do ámbito territorial no que estea situada a entidade local e o órgano de goberno desta, poderán modificarse ou ampliarse os tipos de información tributaria que se ha subministrar, conforme coa tipoloxía que para estes efectos estableza o Departamento de Informática Tributaria da Axencia Tributaria e de conformidade co procedemento descrito no apartado A) desta cláusula, a periodicidade das solicitudes e a data de límite de subministración.

### OITAVA.- Control e seguridade dos datos fornecidos.

O control e seguridade dos datos subministrados rexerase polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, no Real decreto 994/1994, do 11 de xuño, que aproba o Regulamento de medidas de seguridade de ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal e nos documentos de seguridade aprobados pola Axencia Tributaria e a entidade local que se adhira ao presente convenio.

Estableceranse controis sobre os accesos, a custodia e utilización da información subministrada no abeiro deste convenio, tanto pola entidade titular da información cedida, como pola entidade cesionaria da información. O Servicio de Auditoría Interna da Axencia Tributaria poderá acordar outras actuacións de comprobación co obxecto de verificar a adecuada obtención e utilización da información cedida e das condicións normativas ou convencionais que resultan de aplicación.

Recíprocamente, poderán levarse a cabo por parte das entidades locais que dispoñan de servizos de control interno, actuacións da mesma natureza tocante á información cedida á Axencia Tributaria, tras a comunicación previa a ela no seo da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento.

### NOVENA. Obriga de sixilo.

Cantas autoridades, funcionarios e resto de persoal teñan coñecemento dos datos ou información subministrada en virtude deste convenio estarán obrigados ao máis estricto e completo sixilo respecto deles. A violación desta obriga implicará incorrer nas

responsabilidades penais, administrativas e civís que resulten procedentes, así como o sometemento ao exercicio das competencias que correspondan á Axencia de Protección de Datos.

O expediente para coñecer das posibles responsabilidades administrativas de calquera índole que se puidera derivar da indebida utilización da información subministrada en execución deste convenio deberá ser iniciado e concluído, así como esixida a responsabilidade, se é o caso, pola Administración á que pertenza a autoridade, funcionario ou outro persoal responsable da dita utilización indebida.

#### DÉCIMA. Archivo de actuacións.

A documentación en poder de cada Administración relativa aos controis efectuados sobre a custodia e utilización dos datos cedidos, deberá conservarse por un período de tempo non inferior ós dous anos. En especial, deberá conservar, a entidade local, os documentos nos que conste a autorización expresa dos interesados establecida na letra B do apartado 1 da cláusula cuarta.

#### UNDÉCIMA. Efectos dos datos fornecidos.

Conforme co establecido no artigo 9 da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, na medida en que as entidades locais poidan dispor da información de carácter tributario que precisen para o desenvolvemento das súas funcións mediante as canles dispostos no presente convenio de colaboración, non se esixirá aos interesados que acheguen individualmente certificacións expedidas pola Axencia Tributaria, nin a presentación, en orixinal, copia ou certificación, das súas declaracións tributarias ou de calquera outra comunicación emitida pola Axencia Tributaria no caso dos non obrigados a declarar.

O fornecemento de información abeirado por este convenio non terá outros efectos que os derivados do obxecto e a finalidade para a que os datos foron fornecidos. En consecuencia, non orixinará dereitos nin expectativas de dereitos en favor dos interesados ou afectados pola información fornecida, nin interromperá a prescrición dos dereitos ou obrigacións a que poidan referirse os procedementos para os que se obtivo aquela. De igual modo, a información fornecida non afectará ao que puidera resultar das actuacións de comprobación ou investigación ou da ulterior modificación dos datos subministrados.

#### DUODÉCIMA. Colaboración na xestión recadatoria.

Co obxecto de establecer un sistema de embargo de devolucións que satisfaga e faga compatibles os intereses recadatorios das entidades locais e os intereses de asistencia

ao contribuínte da Axencia Tributaria, establecerase no seo da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento do presente convenio un procedemento áxil paa a traba daquelas devolucíons tributarias solicitadas polos contribuíntes e que á súa vez sexan debedores con débedas tributarias en fase de embargo das entidades locais.

De igual modo, co obxecto de satisfacer os intereses recadatorios da Axencia Tributaria e non entorpecer os procedementos de execución orzamentaria das entidades locais, establecerase no seo da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento do presente convenio un procedemento áxil para a traba pola Axencia Tributaria daqueles pagamentos que deban realizarse con cargo no orzamento das entidades locais, os seus organismos autónomos e demais entidades e empresas municipais respecto de obrigados no pagamento de débedas xestionadas pola Axencia Tributaria.

A Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento do presente convenio adoptará as medidas necesarias e impulsará os traballos precisos para que os procedementos a que se refire a presente cláusula se achen en pleno funcionamento antes do 1 de decembro de 2003. Ata que non se leve a cabo tal desenvolvemento, os embargos a que se refire esta cláusula practicaranse a través dos sistemas actualmente existentes.

O sistema deberá garantir en todo caso que non se produzan duplicidades de ingresos que redunden en molestias innecesarias e evitables aos debedores.

DECIMOTERCEIRA. Organización para executar o convenio. Solución de conflitos.

Co fin de coordinar as actividades necesarias para executar o presente convenio así como para realizar a súa supervisión, seguimento e control, crearase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento composta por tres representantes nomeados polo director do Departamento de Organización, Planificación e Relacións Institucionais da Axencia Tributaria e outros tres nomeados pola Presidencia da Femp.

En calidade de asesores, con dereito a voz, poderán incorporarse calquera outro funcionario que se considere necesario.

A comisión reunirse a instancia de calquera das partes e, polo menos, unha vez cada seis meses, para examinar os resultados e incidencias da colaboración realizada.

As controversias que poidan surxir na interpretación e cumprimento do presente convenio serán resoltas pola Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento, que estará, así mesmo, facultada para modificar o contido das subministracións acadadas nos puntos 1A e 2 da cláusula cuarta do presente convenio.

A Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento rexirase no tocante ao seu funcionamento e réxime xurídico, respecto ao non establecido expresamente na presente cláusula, polo disposto no capítulo I do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### DÉCIMO CUARTA. Prazo de vixencia.

1. O presente convenio terá unha vixencia inicial ata o 31 de decembro de 2003, renovándose de maneira automática anualmente agás denuncia expresa de calquera das partes. A dita denuncia deberá realizarse, polo menos, cun mes de antelación á finalización do prazo de vixencia.

2. Por outra parte, a Axencia Tributaria e cada entidade local poderá acordar a suspensión unilateral ou a limitación da subministración da información cando advirtan incumprimentos da obriga de sigilo por parte das autoridades, funcionarios ou resto de persoal da entidade concesionaria, anomalías ou irregularidades nos accesos ou no réxime de control ou incumprimentos dos principios e regras que deben presidir a subministración da información consonte co disposto neste convenio. Unha vez adoptado o acordo de suspensión ou limitación da subministración darase conta inmediatamente á Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento, sendo oída esta en orde á revogación ou mantemento do acordo.

#### DÉCIMO QUINTA. Natureza administrativa.

O presente convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose incluído no art. 3.1.c) do texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas, aprobado polo Real decreto 2/2000, do 16 de xuño.

As controversias sobre a interpretación e execución del serán resoltas pola Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento establecida na cláusula décimo terceira.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

No suposto de mancomunidades de municipios que pertencen a máis dunha provincia, o órgano da Axencia Tributaria ao que se refire a cláusula sétima deste convenio, será o delegado especial que exerza competencia territorial sobre os ditos municipios.

No suposto de mancomunidades de municipios que pertencen a máis dunha comunidade autónoma, o órgano ao que se refire a cláusula sétima deste convenio será o director do Departamento de Organización, Planificación e Relacións Institucionais da

Axencia Tributaria. Non obstante, neste caso, tanto a alta na aplicación como a resposta ás concretas solicitudes de información levaraa a cabo o Departamento de Informática Tributaria.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

As entidades locais que se adhiran ao presente convenio de colaboración non terán que adherirse ao Convenio de colaboración en materia de subministración de información de carácter tributario suscrito entre a Axencia Tributaria e a Femp.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

As entidades locais que, á sinatura deste convenio, encóntranse dadas de alta na aplicación telemática de subministración de información da Axencia Tributaria, disporán dun prazo de tres meses para adherirse a el ou ao de subministración de información de carácter tributario ás entidades locais. Transcorrido o dito prazo sen producirse esta circunstancia, a Axencia Tributaria suspenderá a subministración de información a que se refire o presente convenio.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan en exemplar duplicado na data e lugar indicados na cabeceira.

A presidenta da  
Federación Española  
de Municipios e Provincias

O ministro de  
Facenda

O secretario de estado  
de Facenda e presidente  
da Axencia Estatal de  
Administración Tributaria

Rita Barberá Nolla

Cristóbal Montoro Romero

Estanislao Rodríguez- Ponga  
y Salamanca



**ANEXO I AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA COAS ENTIDADES LOCAIS.**

Conforme co establecido na cláusula cuarta 1.B do presente convenio, recóllense as seguintes subministracións periódicas de información da Axencia Tributaria ás entidades locais:

INFORMACIÓN	PROCEDEMENTO	PERIODICIDADE	DATA LÍMITE DA SUBMINISTRACIÓN
Situación de estar ao corrente das obrigas tributarias	Subvencións e axudas públicas: beneficiarios	Semanal	7 días desde a recepción
Situación de estar ao corrente das obrigas tributarias	Procedemento de contratación administrativa	Semanal	7 días desde a recepción
Datos do IRPF	Os procedementos establecidos polas entidades locais en cada caso	Semanal	7 días desde a recepción

## ANEXO II

### PROTOCOLO DE ADHESIÓN AO CONVENIO

Na sesión do Pleno celebrado o día            de            de 200    , do (Concello, Deputación provincial, Cabildo insular, Mancomunidade, etc.) acordouse a adhesión íntegra ao Convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais.

Data e sinatura do alcalde/presidente da entidade local

